

Seminario Museos, Feminismos, Canon. Xornada Monográfica sobre Maruja Mallo

Venres 30 de xaneiro de 2026

De 10 a 14 h, no Edificio Castelao

Organiza: Museo de Pontevedra, Universidade de Vigo (Facultade de Belas Artes e Área de Antropoloxía Social e Cultural), Universidade de Santiago de Compostela (Facultade de Historia da Arte)

Desde o ano 2022 o Museo de Pontevedra organiza o seminario Museos, Feminismos, Canon, unha iniciativa centrada en revisar os estereotipos de xénero na arte e as lecturas sobre o rol da muller na historia e no presente. Na súa cuarta edición céntrase de maneira monográfica en analizar as contribucións de Maruja Mallo desde diferentes perspectivas.

PROGRAMA

10:00 h Presentación do seminario

M.^a Ángeles Tilve Jar, directora do Museo de Pontevedra

Agar Ledo, técnica de investigación do Museo de Pontevedra

10:15 h Estrella de Diego: “Por que as mulleres pintoras se chaman sempre «surrealistas»? O caso de Maruja Mallo”

Pouco despois da súa exposición na Revista de Occidente, Mallo expuxo a que quizais sexa a súa obra máis surrealista: a serie Cloacas e campanarios, na Galería Pierre de París. Alí coñeceu a Breton, quen adquiriría unha das súas obras. En calquera caso, ese detalle non abundaba para definir a Mallo como unha pintora surrealista. Ou polo menos, non só surrealista. A gran maioría das súas obras mostran un dominio perfecto da xeometría, habilidades que aprendeu durante as sesións co pintor uruguaio Joaquín Torres García cando este decidiu establecerse en Madrid, e ao seu redor orbitaba un pequeno e exquisito círculo de artistas construtivos, entre os que se atopaba Mallo. Por que se chama entón a Mallo pintora «surrealista»? Por que a tantas mulleres vangardistas se lles chama «surrealistas» unicamente? Pode unha muller ser menos figurativa, máis xeométrica? Por que Mallo se autodenominou «surrealista» moitos anos despois, ao resto da súa produción? Tomando como punto de partida á cosmopolita Mallo, a presentación abordará algúns dos problemas asociados á clasificación das artistas mulleres segundo a historia da arte e como con frecuencia se disfrazan para conformar a narrativa.

Nota biográfica: Estrella de Diego Otero é ensaísta, catedrática de Arte Contemporánea (UCM) e académica de número da Academia de Belas Artes de San Fernando de Madrid. Ocupou a Cátedra de Cultura Española no KJCC (N.Y.U. 1999), a XIII Cátedra Internacional de Arte Luis Ángel Arango (Banco da República de Bogotá), e foi distinguida coa Ida Cordelia Beam Distinguished Professorship for 2017-2018 (Universidade de Iowa). Foi bolseira Fulbright (NYU), membro do Comité Asesor do Collegium for Advanced Studies na Universidade de Helsinki e é membro da Norman Foster Foundation. É patroa da Fundación Gala Salvador Dalí, da Fundación Arco e do Museo do Prado, onde forma parte da súa Comisión Permanente. Foi galardoada co XI Premio Periodístico sobre a

Lectura da Fundación Sánchez Ruipérez e recibiu a Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes (2011). Entre os seus últimos libros: *El Prado inadvertido* (Anagrama, 2022), *El proyecto Picasso* (Cátedra, 2023) e *Tristísimo Warhol* (1999, Anagrama 2025). É autora do libro *Maruja Mallo* (Fundación Mapfre) e foi membro do equipo do catálogo razoado da artista.

11:00 h Patricia Molins “Imaxinarios de Maruja Mallo”

Patricia Molins, comisaria da exposición “Maruja Mallo. Máscara y compás” (Centro Botín e Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía (2025-2026), fai un percorrido por esta mostra situando a Maruja Mallo como creadora dun imaxinario singular, a través do cal pensar en como revisitar a súa obra e a súa figura.

Nota biográfica: Patricia Molins de la Fuente é historiadora da arte e comisaria de exposicións. Recentemente comisariou varias mostras dedicadas a artistas pioneiras na construción dun imaxinario feminino, como Delhy Tejero (Museo Patio Herreriano, 2024) e Maruja Mallo (Centro Botín e Museo Reina Sofía, 2025-2026), , así como un ciclo de exposicións con artistas contemporáneas ao redor das coleccións de tecidos nos museos nacionais españois (2025-2026), xunto a Selina Blasco. Como investigadora interésase pola busca dun espazo crítico nos límites da arte, estudando a cultura material e os faceres das mulleres. É autora dun ensaio sobre arte e xénero en España nos anos trinta-cinquenta: *La heterogeneidad como estrategia de afirmación. La construcción de una mirada femenina antes y después de la Guerra Civil* (Desacuerdos, 2012).

11:45 h Pausa para o café

12:15 h Comunicaci3ns

12:15 h “Nomear para existir: ruído, silencio e distorsi3n na construci3n da memoria p3blica de Maruja Mallo”

Ylenia González Garrido, Universidade de Santiago de Compostela

Unha lectura da memoria de Maruja Mallo como un mapa de lembranzas: o ruído que a converteu en personaxe antes que en creadora, os silencios que borraron aspectos esenciais da súa traxectoria e as distorsi3ns que fragmentaron o seu legado en imaxes incompletas. Analízase como museos, medios e discursos académicos reconstruíron á artista dende 1995, revelando que a súa presenza pública segue marcada por ausencias e énfases desiguais. O propósito é interrogar que artista transmitimos hoxe e cal continúa sen ser plenamente escoitada.

12:25 h “Metamorfose identitaria nas máscaras de Maruja Mallo e do Entroido”

Jackeline E. Fernández Macías, Universidade de Vigo

Na obra de Maruja Mallo, a máscara xera unha metamorfose simbólica que desestabiliza a identidade fixa e revela dimensións ocultas do eu e da experiencia humana. No Entroido, a máscara suspende a identidade individual, transformando ao suxeito nun personaxe ritual dentro dun marco social colectivo onde o extraordinario se volve

posible. En ambos os casos, a máscara actúa como axente de cambio identitario: en Mallo, artístico e simbólico; no Entroido, social e ritual. Ademais, crea un espazo liminar, un limiar entre o cotián e o extraordinario, onde a identidade se despraza, se transforma e se reinventa.

12:35 h “Coreografías do convivir: mans, xestos e orientacións na obra de Maruja Mallo”

Jacobo Bugarín Osorio, Universidade de Vigo

Analízase a obra de Maruja Mallo a partir dun motivo transversal: as mans e xestos que organizan a relación entre corpos, obxectos e mundo. En obras como *Verbena* (1927), *Cloacas y campanarios* (1929–1932), *Sorpesa del trigo* (1936) e as *Máscaras*, estes xestos actúan como orientacións que configuran modos de convivencia. Desde a fenomenoloxía *cuir* de Sara Ahmed e os estudos críticos do espazo, propoño que estas “coreografías” funcionan como micro-arquitecturas do convivir, capaces de mostrar como se produce o mundo común a través da mestura, o traballo e a vulnerabilidade compartida.

12:45 h “As cubertas de Maruja Mallo: un percorrido polas achegas artísticas nas revistas culturais da preguerra”

Antonio Doñate Mañeru, Universidade de Vigo

A relación entre Maruja Mallo e a Revista de Occidente constitúe un dos encontros decisivos para comprender o diálogo entre as vangardas españolas e a cultura impresa no primeiro terzo do século XX. Mallo colaborou, por medio de viñetas nas súas cubertas, na primeira e segunda época da cabeceira. Non foi un exemplo illado. Nos anos 20 e 30 os e as artistas desembarcaron nos procedementos de reprodución industrial para intervir nas revistas culturais do momento. Mostraremos exemplos das súas colaboracións en revistas galegas (Alfar, Ronsel, Nós, Yunque, Claridad et al) e noutros referentes fundamentais (Litoral, Minotaure).

12:55 h “Unha aproximación ao potencial educativo da obra de Maruja Mallo: vangarda, xeometría e feminismo no contexto da educación artística de primaria”

África Martínez Barreiro, Universidade de Vigo

Nos últimos tempos estase a reivindicar a figura de Maruja Mallo como máximo expoñente do surrealismo e responsable de dotar de iconografía á xeración do 27. Esta comunicación aborda a utilidade da súa obra como medio para traballar en educación plástica e visual conceptos fundamentais da linguaxe plástica en educación primaria. Para iso, búscase fundamento na base xeométrica e matemática da súa obra, propia da lóxica da modernidade, e no universo humano que a artista xera, onde a figura feminina é protagonista. Estes dous aspectos posibilitan, ademais, abordar a través das súas creacións temas transversais relacionados co feminismo e a natureza.

13:05 h “Pintar, vestir, renacer: o legado de Maruja Mallo na moda de Carmen17”

Sofía Nieto Recio, Universidade de Vigo

Esta intervención explora como Maruja Mallo —máis alá da súa pintura— converteu a roupa e a súa propia imaxe nun acto artístico: as súas vestimentas eran parte dun

proxecto visual coherente coa súa vangarda. Mallo concibía o corpo como un lenzo e a moda como extensión da súa obra, fundindo xeometría, simbolismo e lucidez estética. A firma Carmen17 realizou en 2021 xunto coa artista Luján Marcos, prendas estampadas reinterpretando cadros da etapa surrealista de Maruja Mallo, revivindo os seus motivos plásticos, levando o seu universo pictórico ao corpo contemporáneo. Con este diálogo entre a relación de Maruja Mallo coa roupa e o exercicio de deseño que creamos anos despois da súa morte en Carmen17 quero exemplificar como a espiral infinita de xenealoxía feminina segue xirando.

13:15 h Debate

Moderador: Agar Ledo Arias

Acceso libre.

Entregaráselles un certificado de asistencia ás persoas que se inscriban previamente en reservas.museo@depo.gal.